

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3255 *Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego.*

I

O desemprego constitúe o problema máis grave da economía española. Mellorar a situación do emprego no noso país constitúe un obxectivo compartido e irrenunciable para o Goberno, as comunidades autónomas e os interlocutores sociais. Para iso, cómpre seguir avanzando cara a un crecemento económico robusto que se traduza nun nivel de creación de emprego capaz de reducir o número de persoas desempregadas, polo que resulta urxente abordar unha reforma das políticas activas de emprego.

Neste marco, o 2 de febreiro de 2011, o Goberno e os interlocutores sociais subscribiron o Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións, que aborda, entre outras medidas, a reforma das políticas activas de emprego, que contribúa á mellora do mercado de traballo e á maior empregabilidade de quen busca o seu emprego.

As liñas acordadas sobre esta reforma, e que son consideradas neste real decreto lei, teñen como principal obxectivo mellorar a eficiencia das nosas políticas de emprego, un obxectivo que se manifesta con maior necesidade e urxencia de alcanzalo na conxuntura actual da economía e do emprego dadas as súas repercusións no funcionamento e a situación do mercado de traballo.

II

Así mesmo, o proceso de destrución de emprego na economía española, que trouxo consigo a crise económica e financeira, supuxo unha maior limitación na efectividade das actuais políticas activas de emprego e a necesidade urxente dunha reforma en profundidade destas, abordada neste real decreto lei, cos obxectivos irrenunciáveis e compartidos por todos os actores que interveñen no mercado de traballo de adaptalas á realidade do mercado laboral e ás características do territorio; aumentar a súa eficacia na mellora da empregabilidade e as posibilidades de inserción das persoas desempregadas, especialmente mozos e parados de longa duración; responder mellor ás necesidades das empresas para cubrir as súas ofertas de emprego; e situar os servizos de emprego entre os mellores instrumentos para a xestión do capital humano no novo modelo económico máis equilibrado e produtivo.

No deseño e execución das novas políticas activas de emprego deberá estar presente unha serie de principios xerais, entre os cales cómpre destacar o acceso en condicións de igualdade a un servizo público e gratuíto de toda a cidadanía, a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e a prioridade na execución das políticas activas de emprego para colectivos que máis a requiren: mozos, con especial atención a aqueles con déficit de formación, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade e persoas en paro de longa duración, con especial atención á situación das mulleres, así como as persoas en desemprego procedentes do sector da construción, ou persoas en situación de exclusión social.

O Goberno quere situar as necesidades e os servizos ás persoas, especialmente ás desempregadas, e ás empresas como centro de gravidade da reforma das políticas activas de emprego. Os servizos públicos de Emprego deben dar respostas eficaces e eficientes ás necesidades das empresas para cubrir as súas ofertas de emprego, así como en materia de formación dos seus traballadores, e deben estar moi próximos ás persoas desempregadas, coñecer mellor as súas necesidades para mellorar a súa empregabilidade

e prestarlles apoio desde que entran no desemprego ata que encontran un emprego, xa sexa por conta propia ou allea. Por tanto, débese fuxir dunha visión moi a curto prazo, posto que as políticas activas de emprego, por un lado, deben preparar as persoas desempregadas para volver ao mercado de traballo, sendo esta a urxencia da súa reforma pero, por outro lado, tamén deben contribuír a ir conformando o modelo económico e produtivo máis adecuado ás necesidades da sociedade española. Por tanto, débense combinar medidas que, con carácter inmediato, sirvan para atender as persoas desempregadas, procurarlles unha atención máis persoal e máis profesional pero que, ao mesmo tempo, vaian preparando estas persoas para un escenario distinto ao actual pola eclosión de novos sectores de actividade produtiva ou pola exigencia dunha maior cualificación profesional.

Por outro lado, débese procurar un mellor encaixe entre a competencia normativa sobre as políticas activas de emprego, que corresponde ao Estado, coa da súa execución, que corresponde ás comunidades autónomas, preservando, ao mesmo tempo, a unidade na atención das persoas en situación de desemprego, posto que o tratamento que reciban estas persoas non debe ser substancialmente diferente en función do ámbito territorial en que vivan. Isto pódese lograr co establecemento dun catálogo de servizos comúns, así como unha Estratexia Española de Emprego que marque os obxectivos que se pretenden conseguir. Neste contexto, faise necesario que cada comunidade autónoma teña liberdade para fixar os seus propios programas de política activa de emprego, de forma que se axusten mellor á realidade das persoas desempregadas e do seu tecido produtivo.

A esta finalidade diríxense as medidas para a reforma das políticas activas de emprego contidas neste real decreto lei e que, para os efectos dunha maior claridade e sistematización, foron agrupadas en catro capítulos que orientan sobre as liñas básicas da reforma.

O capítulo I introduce modificacións nas normas xerais da política de emprego, da cal as políticas activas de emprego son un instrumento esencial, xunto coa intermediación laboral e a relación daquelas coas prestacións do sistema de protección por desemprego. En concreto, incorpórase a elaboración da Estratexia Española de Emprego, que garantizará a igualdade de acceso, a cohesión social e a complementariedade entre a unidade de mercado e a diversidade territorial, e do Plan Anual de Política de Emprego, en que se concretará anualmente. Vense afectados polos cambios os obxectivos da política de emprego e a súa dimensión territorial.

O capítulo II pon o acento no fortalecemento dos servizos públicos de emprego no marco do Sistema Nacional de Emprego. Neste sentido, as medidas contidas neste capítulo contribuirán ao afianzamento dos órganos de concertación territorial e de participación institucional do Sistema Nacional de Emprego, así como dos seus instrumentos de coordinación, un dos cales é a Estratexia Española de Emprego. Doutra parte, as medidas propostas para o fortalecemento dos servizos públicos de Emprego tenden a mellorar a planificación, xestión e avaliación das políticas activas de emprego.

Dentro do capítulo III abórdanse dúas liñas prioritarias do Goberno na reforma das políticas activas de emprego. Por un lado, o establecemento dun «catálogo de servizos á cidadanía», común para todos os servizos públicos de emprego, de maneira que se garanta en todo o Estado o acceso en condicións de igualdade a un servizo público e gratuíto de emprego e a igualdade de oportunidades no acceso a el. Por outro lado, o desenvolvemento dun modelo de atención personalizada ás persoas en situación de desemprego baseado nun «itinerario individual e personalizado de emprego», de forma que contén co apoio e a atención dos servizos públicos de emprego na súa busca de emprego. Xunto a isto establécese unha prioridade na execución das políticas activas de emprego para determinados colectivos que máis a requiren.

Por último, o capítulo IV focaliza as súas medidas na liña nuclear da reforma, é dicir, na transformación en profundidade dos actuais programas de políticas activas de emprego e na redefinición do seu contido e desenvolvemento para que sexan máis útiles para as persoas desempregadas. Avánzase na identificación dos diferentes ámbitos de políticas activas de emprego que deberán cubrir as comunidades autónomas, coas actuacións e medidas que elas mesmas establezan, segundo as necesidades e circunstancias

específicas dos seus respectivos territorios, pondo a énfase tanto nos obxectivos finais como nos instrumentos para os alcanzar. Así mesmo, evolucionábase desde o concepto de programas ao de servizos á cidadanía e ás empresas, superando a actual limitación da xestión das políticas activas a convocatorias de axudas.

A articulación das medidas contidas en cada un destes capítulos realízase, fundamentalmente, mediante unha modificación do principal marco regulador das políticas activas de emprego, constituído pola Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego. Complementando o anterior, e en coherencia con determinados cambios introducidos nesa lei, efectúase unha modificación no artigo 17 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Por último, destaca unha importante novidade que contén esta norma, que é a constitución, dentro do Servizo Público de Emprego Estatal, dun «Fondo de políticas de emprego», cuxa finalidade é a de atender as necesidades futuras de financiamento na execución das accións e medidas que integran as políticas activas de emprego. A disposición derradeira primeira regula o seu financiamento e réxime de funcionamento. Créase expresamente un comité de xestión dese fondo para procurar o debido control e ordenación da súa xestión económica.

III

Resulta inaprazable a adopción de medidas para reformar as políticas activas de emprego; unha reforma que, como se puxo de manifesto con anterioridade, prepare estas para contribuír á empregabilidade das persoas, á mellor resposta ás necesidades das empresas para cubrir as súas ofertas de emprego e a situar os servizos de emprego entre os mellores instrumentos para a xestión do capital humano no novo modelo produtivo. O feito de que estas medidas teñan un carácter estrutural e unha efectividade máis prolongada no tempo non resta fundamentos á urxente necesidade de abordar a citada reforma no contexto económico e laboral en que nos encontramos, máxime cando no desenvolvemento e na aplicación das políticas activas de emprego se procurará a súa relación con sectores emerxentes, incluíndo aqueles con maior capacidade de crecemento no medio rural, estratéxicos e innovadores no contexto da nova economía sustentable.

Precisamente, entre os fins que se perseguen con esta reforma está o de contribuír a conformar o novo modelo económico e produtivo, así como un mercado de traballo máis eficiente e de máis calidade, algo sobre o que existe unha ampla coincidencia en sinalar que só resulta posible implementando con urxencia reformas como a que se acomete con este real decreto lei.

Outros fins da reforma, como mellorar a atención ás persoas e a súa empregabilidade no mercado de traballo, así como ás empresas para a mellora da súa competitividade, ou fomentar a cultura emprendedora e o espírito empresarial, así como mellorar a atención e acompañamento ás persoas emprendedoras na posta en marcha da súa iniciativa empresarial, son fins que xustifican, por si mesmos, esa urxente necesidade na aprobación da reforma, para acelerar os efectos potencialmente beneficiosos que, en termos de creación de emprego, poderán ter as novas medidas nun momento en que se albisca unha certa recuperación da economía española.

Finalmente, procede destacar a intensa participación que as comunidades autónomas e os interlocutores sociais tiveron, coas súas achegas, no establecemento das bases que orientaron as medidas contidas neste real decreto lei, e que forman parte esencial do acordo social e económico suscrito entre o Goberno e os interlocutores sociais o 2 de febreiro de 2011, a que se fixo referencia anteriormente.

Por conseguinte, a necesidade de que as comunidades autónomas poidan aplicar rapidamente as medidas que se adoptan, co fin de dar inmediato cumprimento aos fins expostos, unida ao compromiso de finalizar a elaboración da primeira Estratexia Española de Emprego, constitúen o feito habilitante de extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86 para aprobar este real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de febreiro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Normas xerais da política de emprego

Artigo 1. *Obxectivos da política de emprego.*

Engádense as letras h) e i), no artigo 2 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«h) Proporcionar servizos individualizados á poboación activa dirixidos a facilitar a súa incorporación, permanencia e progreso no mercado laboral, así como ás empresas para contribuír á mellora da súa competitividade.

i) Fomentar a cultura emprendedora e o espírito empresarial, así como mellorar a atención e o acompañamento ás persoas emprendedoras na posta en marcha da súa iniciativa empresarial.»

Artigo 2. *A dimensión local da política de emprego.*

Modifícase o artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *A dimensión local da política de emprego.*

As políticas de emprego, no seu deseño e modelo de xestión, deberán ter en conta a súa dimensión local para axustalas ás necesidades do territorio, de maneira que favorezan e apoiem as iniciativas de xeración de emprego no ámbito local.

De conformidade coa Constitución, cos estatutos de autonomía e coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, en execución das accións e medidas de políticas activas, poderán establecer os mecanismos de colaboración oportunos coas entidades locais.

As entidades locais poderán participar no proceso de concertación territorial das políticas activas de emprego, mediante a súa representación e participación nos órganos de participación institucional de ámbito autonómico.

Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas serán os responsables de trasladar ao marco do Sistema Nacional de Emprego a dimensión territorial das políticas activas de emprego e de determinar, de ser o caso, a representación das entidades locais nos órganos de participación institucional de ámbito autonómico.»

Artigo 3. *Estratexia Española de Emprego e Plan Anual de Política de Emprego.*

Un. Engádesse un artigo 4 bis á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«Artigo 4 bis. *Estratexia Española de Emprego.*

1. No exercicio das competencias definidas no artigo 3.1, o Goberno, por proposta do Ministerio de Traballo e Inmigración, aprobará a Estratexia Española de Emprego, que se elaborará en colaboración coas comunidades autónomas e coa participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, contará co informe da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, e será sometida a consulta e informe do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

2. A Estratexia Española de Emprego incluírá os seguintes elementos:

- a) Análise da situación e tendencias do mercado de traballo.
- b) Orientacións e obxectivos que se pretenden alcanzar en materia de política de emprego para o conxunto do Estado e para cada unha das comunidades autónomas. Os obxectivos en materia de política activa de emprego referiranse aos ámbitos definidos no artigo 25.

Así mesmo, identificaranse aquelas accións e medidas que sexan de aplicación para o conxunto do Estado.

- c) Un sistema de indicadores cuantitativos e cualitativos que permitan o seguimento dos obxectivos e o seu grao de cumprimento.

- d) Dotación orzamentaria indicativa que incluírá os fondos procedentes dos orzamentos xerais do Estado, do Fondo Social Europeo e, de ser o caso, doutras fontes de financiamento.

3. A Estratexia Española de Emprego, co fin de reflectir de forma máis completa todas as políticas activas de emprego que se desenvolven no conxunto do Estado, incluírá a información correspondente ás accións e medidas destas políticas que as comunidades autónomas realizan con recursos económicos propios.

4. A Estratexia Española de Emprego terá carácter plurianual nos termos que nela se establezan. Co fin de conseguir a súa mellora permanente e, de ser o caso, a súa revisión ou actualización, someterase a unha avaliación anual.»

Dous. Engádese un artigo 4 ter á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«Artigo 4 ter. *Plan Anual de Política de Emprego.*

1. O Plan Anual de Política de Emprego concretará, con carácter anual, os obxectivos da Estratexia Española de Emprego para alcanzar no conxunto do Estado e en cada unha das distintas comunidades autónomas, así como os indicadores que se utilizarán para coñecer o seu grao de cumprimento.

Así mesmo, para alcanzar estes obxectivos, conterá as accións e medidas de políticas activas de emprego que se propoñen levar a cabo tanto as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias de execución das políticas activas, como o Servizo Público de Emprego Estatal en execución da reserva de crédito establecida no seu orzamento de gastos.

2. O Plan Anual de Política de Emprego elaborárase, tendo en conta as previsións formuladas polas comunidades autónomas e o Servizo Público de Emprego Estatal, no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, contará co informe do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, regulado no artigo 7.1.b), e aprobarao o Consello de Ministros xunto coa formalización dos criterios obxectivos de distribución dos fondos de emprego recollidos no artigo 14.»

CAPÍTULO II

Fortalecemento dos servizos públicos de emprego no marco do Sistema Nacional de Emprego

Artigo 4. *O Sistema Nacional de Emprego.*

Un. Engádese a letra h) no artigo 6 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«h) Fortalecer os servizos públicos de emprego e favorecer a colaboración público-privada na intermediación laboral e o desenvolvemento das políticas activas de emprego.»

Dous. Modifícase o artigo 7 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Órganos do Sistema Nacional de Emprego.*

Os órganos do Sistema Nacional de Emprego son:

a) A Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, que é o instrumento xeral de colaboración, coordinación e cooperación entre a Administración do Estado e a das comunidades autónomas en materia de política de emprego e especialmente no relacionado coa Estratexia Española de Emprego e o Plan Anual de Política de Emprego.

b) O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, que é o órgano consultivo de participación institucional en materia de política de emprego. O Consello estará integrado por un representante de cada unha das comunidades autónomas e por igual número de membros da Administración xeral do Estado, das organizacións empresariais e das organizacións sindicais máis representativas. Para a adopción de acordos ponderaranse os votos das organizacións empresariais e os das organizacións sindicais para que cada unha destas dúas representacións conte co mesmo peso que o conxunto dos representantes de ambas as administracións, mantendo así o carácter tripartito do Consello. Regulamentariamente determinaranse as súas funcións, en consonancia coas atribuídas ao Sistema Nacional de Emprego polo artigo 9 desta lei, entre as cales se encontra a de consulta e informe da Estratexia Española de Emprego e do Plan Anual de Política de Emprego.»

Tres. Engádese un novo artigo 7 bis á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«Artigo 7 bis. *Instrumentos de coordinación do Sistema Nacional de Emprego.*

A coordinación do Sistema Nacional de Emprego levarase a cabo principalmente a través dos seguintes instrumentos:

a) A Estratexia Española de Emprego, regulada no artigo 4 bis.

b) O Plan Anual de Política de Emprego, regulado no artigo 4 ter.

c) O sistema de información dos servizos públicos de emprego, que se configura como un sistema de información común que se organizará cunha estrutura informática integrada e compatible, e será o instrumento técnico que integrará a información relativa á intermediación laboral, á xestión das políticas activas de emprego, e da protección por desemprego, que realicen os servizos públicos de emprego en todo o territorio do Estado.

Este sistema garantirá que se leven a cabo de forma adecuada as funcións de intermediación laboral, sen barreiras territoriais; o rexistro das persoas demandantes de emprego; a rastrexabilidade das actuacións seguidas por estas na súa relación cos servizos públicos de emprego; as estatísticas comúns; a comunicación do contido dos contratos; o coñecemento da información resultante, entre outros ámbitos, da xestión da formación para o emprego, a orientación profesional, as iniciativas de emprego e as bonificacións á contratación, así como as actuacións das axencias de colocación.

Tamén permitirá o seguimento e control da utilización de fondos procedentes dos orzamentos xerais do Estado ou da Unión Europea para a súa xustificación.»

Catro. Modifícase o número 1 e engádense dous novos números, o 7 e o 8, no artigo 9 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«1. Aplicar e concretar a Estratexia Española de Emprego, a través do Plan Anual de Política de Emprego.»

«7. Determinar e ter actualizado un catálogo de servizos á cidadanía, que deberán prestar os servizos públicos de emprego, que garanta en todo o Estado o acceso, en condicións de igualdade, a un servizo público e gratuito de emprego.»

«8. Realizar o seguimento do Fondo de políticas de emprego.»

Artigo 5. *O Servizo Público de Emprego Estatal.*

Un. Modifícanse as letras d), e), f), g), h), i), e engádense as letras j), k) e l) no artigo 13 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado como segue:

«d) Elaborar o proxecto da Estratexia Española de Emprego e do Plan Anual de Política de Emprego en colaboración coas comunidades autónomas.

As organizacións empresariais e sindicais máis representativas participarán na elaboración desa Estratexia e recibirán información periódica sobre o seu desenvolvemento e seguimento.

e) Coordinar as actuacións conxuntas dos servizos públicos de emprego no desenvolvemento do sistema de información dos servizos públicos de emprego.

f) Potenciar o Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal cunha rede en todo o territorio do Estado, que analice a situación e tendencias do mercado de traballo, en coordinación cos distintos observatorios que, de ser o caso, establezan os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

g) Manter as bases de datos xeradas polos sistemas integrados de información do Sistema Nacional de Emprego e elaborar as estatísticas en materia de emprego, formación e protección por desemprego no ámbito estatal.

h) Xestionar as accións e medidas financiadas con cargo á reserva de crédito establecida no seu orzamento de gastos. Estas accións e medidas serán:

1. Accións e medidas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma, cando estas exixan a mobilidade xeográfica das persoas desempregadas ou traballadoras participantes nelas a outra comunidade autónoma distinta á súa, ou a outro país e precisen dunha coordinación unificada.

2. Accións e medidas dirixidas tanto ás persoas demandantes de emprego como ás persoas ocupadas, para a mellora da súa ocupación mediante a colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal con órganos da Administración xeral do Estado ou os seus organismos autónomos, para a realización de accións formativas, entre outras, aquelas que teñan como obxectivo a xeración de emprego de calidade e a mellora de oportunidades das persoas traballadoras, en particular cando se desenvolvan no marco de plans, estratexias ou programas de ámbito estatal, e execución de obras e servizos de interese xeral e social relativas a competencias exclusivas do Estado.

3. Accións e medidas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizadas nos seus países de orixe, facilitando a ordenación dos fluxos migratorios.

4. Programas que se establezan con carácter excepcional e duración determinada, cuxa execución afecte todo o territorio nacional, sendo imprescindible a súa xestión centralizada para os efectos de garantir a súa efectividade, así como idénticas posibilidades de obtención e desfrute a todos os potenciais beneficiarios.

A reserva de crédito a que fai referencia este parágrafo dotarase anualmente, logo do informe da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, pola Lei de orzamentos xerais do Estado. A dita Conferencia Sectorial será informada anualmente dos resultados das actuacións financiadas con cargo a estes.

i) Levar a cabo investigacións, estudos e análises sobre a situación do mercado de traballo e os instrumentos para melloralo, en colaboración coas respectivas comunidades autónomas.

j) A xestión e o control das prestacións por desemprego, sen prexuízo da función de vixilancia e exixencia do cumprimento das normas legais e regulamentarias

sobre obtención e desfrute das prestacións do sistema da Seguridade Social que o artigo 3 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, lles atribúe aos funcionarios do corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social e do corpo de subinspectores de Emprego e Seguridade Social. Para os efectos de garantir a coordinación entre políticas activas de emprego e prestacións por desemprego, a xestión desta prestación desenvolverase mediante sistemas de cooperación cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas. O Servizo Público de Emprego Estatal deberá colaborar coas comunidades autónomas que asumisen o traspaso das competencias.

k) Coordinar e impulsar accións de mobilidade no ámbito estatal e europeo, así como desempeñar a representación do Estado español na rede Eures.

l) Calquera outra competencia que legal ou regulamentariamente se lle atribúa.»

Dous. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Na distribución dos fondos ás comunidades autónomas acordada na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, identificarase aquela parte deles destinada a políticas activas de emprego para os colectivos que especificamente se determinen de acordo coas prioridades da Estratexia Española de Emprego e tendo en conta as peculiaridades existentes nas diferentes comunidades autónomas, co fin de garantir o seu cumprimento.

Serán obxecto de devolución ao Servizo Público de Emprego Estatal os fondos con destino específico que non se utilizasen para tal fin, salvo que, por circunstancias excepcionais, sobrevidas e de urxente atención, eses fondos se deban utilizar para outros colectivos dentro das finalidades orzamentarias específicas, precisando noutro caso informe do Ministerio de Economía e Facenda. En todo caso, o Servizo Público de Emprego Estatal e o correspondente órgano da comunidade autónoma acordarán a reasignación de tales fondos, reasignación que en ningún caso dará lugar á modificación do orzamento deste organismo.

3. Do total dos fondos de emprego de ámbito nacional establecerase unha reserva de crédito, non suxeita á distribución a que se fai referencia nos puntos anteriores, para que o Servizo Público de Emprego Estatal xestione as accións e medidas sinaladas no artigo 13.h.)»

Artigo 6. *Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.*

Un. Modifícanse os números 2 e 3 e engádesse un número 4 no artigo 17 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«2. Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas deseñarán e establecerán, no exercicio das súas competencias, as medidas necesarias para determinar as actuacións das entidades que colaboren con eles na execución e no desenvolvemento das políticas activas de emprego e na xestión da intermediación laboral.

3. Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas participarán na elaboración da Estratexia Española de Emprego e do Plan Anual de Política de Emprego.

4. As comunidades autónomas, en exercicio das súas competencias de execución das políticas activas de emprego, poderán elaborar os seus propios plans de política de emprego, de acordo cos obxectivos do Plan Anual de Política de Emprego e en coherencia coas orientacións e cos obxectivos da Estratexia Española de Emprego.»

CAPÍTULO III

Establecemento dun catálogo de servizos á cidadanía e desenvolvemento dun modelo de atención personalizada

Artigo 7. *Persoas e empresas usuarias dos servizos e catálogo de servizos.*

Un. Engádese un novo título I bis á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, co seguinte enunciado:

«TÍTULO I bis

Servizos á cidadanía prestados polos servizos públicos de emprego»

Dous. Engádese un novo capítulo I ao título I bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, co seguinte contido:

«CAPÍTULO I

Persoas e empresas usuarias dos servizos

Artigo 19 bis. *Persoas e empresas usuarias dos servizos.*

1. Os servizos públicos de emprego prestarán servizos ás persoas desempregadas, ás persoas ocupadas e ás empresas. Estes servizos defínense nun catálogo.

2. Ademais dos servizos recollidos no catálogo, recollidos no artigo 19 ter, os servizos públicos de emprego facilitarán ao conxunto da cidadanía información xeral sobre os servizos que se prestan e outros aspectos vinculados co emprego.

3. Na atención e, de ser o caso, inscrición das persoas e empresas usuarias dos servizos públicos de emprego, teranse en conta, de forma diferenciada, as demandas e necesidades de cada unha delas, para os efectos de que se proporcionen os servizos que correspondan.

Artigo 19 ter. *Catálogo de servizos á cidadanía dos servizos públicos de emprego.*

1. O catálogo de servizos á cidadanía dos servizos públicos de Emprego ten por obxecto garantir, en todo o Estado, o acceso en condicións de igualdade a un servizo público e gratuito de emprego, e a igualdade de oportunidades no acceso a el, e constitúe un compromiso dos servizos públicos de Emprego coas persoas e empresas usuarias.

2. O catálogo recolle os servizos comúns que prestarán os servizos públicos de emprego ás persoas, tanto desempregadas como ocupadas, e ás empresas, sen prexuízo de que cada Servizo Público de Emprego desenvolva e amplíe, no seu ámbito territorial, esta oferta de servizos. Para estes efectos, cada Servizo Público de Emprego poderá establecer a súa propia carta de servizos, atendendo á evolución do seu mercado de traballo, ás necesidades das persoas e empresas, ás prioridades establecidas no marco do Sistema Nacional de Emprego e aos recursos dispoñibles.

3. O acceso a determinados servizos do catálogo requirirá a inscrición como demandante de emprego tanto das persoas desempregadas como das ocupadas.

Artigo 19 quáter. *Contido do catálogo de servizos.*

1. Servizos destinados ás persoas desempregadas:

1.1 Diagnóstico individualizado sobre o perfil, as necesidades e expectativas da persoa desempregada mediante entrevistas personalizadas, para poder encontrar un emprego.

1.2 Información e xestión de ofertas de emprego adecuadas, incluíndo as procedentes dos outros países da Unión Europea, así como información sobre o mercado de traballo, e os incentivos e medios dispoñibles para o fomento da contratación e o apoio ás iniciativas emprendedoras.

1.3 Deseño, elaboración e realización dun itinerario individual e personalizado de emprego que poderá incluír servizos de orientación e información para o emprego e o autoemprego, de mellora da súa cualificación profesional e da súa empregabilidade, e contactos coas empresas, entidades e organismos públicos para facilitar a súa inserción laboral.

1.4 Oferta de accións de formación profesional para o emprego, con acreditación oficial a través do Repertorio de Certificados de Profesionalidade cando estean vinculadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións, así como a promoción de prácticas non laborais da formación realizada.

1.5 Avaliación e, de ser o caso, recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia laboral mediante a acreditación oficial da súa cualificación.

1.6 Información, recoñecemento e pagamento das prestacións e subsidios por desemprego, impulsando e desenvolvendo a súa xestión por medios electrónicos.

2. Servizos destinados ás persoas ocupadas:

2.1 Diagnóstico individualizado sobre o perfil, as necesidades e expectativas da persoa ocupada mediante entrevistas personalizadas para poder manter o emprego ou acceder a un novo.

2.2 Orientación e información sobre emprego, autoemprego e mercado de traballo, incentivos e medios dispoñibles para o fomento da contratación, o mantemento do emprego e o apoio ás iniciativas emprendedoras, así como medidas para a mellora da súa cualificación profesional.

2.3 Información e xestión de ofertas de emprego adecuadas, incluíndo as procedentes dos outros países da Unión Europea.

2.4 Oferta de accións de formación profesional para o emprego, con acreditación oficial a través do Repertorio de Certificados de Profesionalidade cando están vinculadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións, que favoreza a promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras e o seu dereito á formación durante toda a vida, con especial atención aos supostos de risco de perda do emprego.

2.5 Avaliación e, de ser o caso, recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia laboral mediante a acreditación oficial da súa cualificación.

3. Servizos destinados ás empresas:

3.1 Tratamento das súas ofertas de emprego, incluíndo a súa difusión no marco do Sistema Nacional de Emprego e a través de portais de emprego, preselección e envío de candidaturas, así como a colaboración nas entrevistas e/ou procesos selectivos de difícil cobertura.

3.2 Información e asesoramento sobre o mercado de traballo, medidas de fomento de emprego, acceso e tramitación destas, modalidades e normas de contratación, deseño de plans formativos e axudas para a formación das persoas traballadoras.

3.3 Comunicación telemática da contratación laboral e das altas, períodos de actividade e certificados de empresa a través do portal do Sistema Nacional de Emprego.

3.4 Información, asesoramento e titorización para a creación, xestión e funcionamento de empresas, por parte de emprendedores, traballadores autónomos e outras empresas da economía social.

Artigo 19 quinquies. *Actualización do catálogo de servizos á cidadanía.*

O catálogo de servizos á cidadanía actualizarase mediante orde do titular do Ministerio de Traballo e Inmigración, logo de acordo adoptado pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.»

Artigo 8. *Acceso das persoas usuarias aos servizos. O itinerario individual e personalizado de emprego.*

Engádesse un novo capítulo II ao título I bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, co seguinte contido:

«CAPÍTULO II

Acceso das persoas desempregadas aos servizos

Artigo 19 sexies. *Enfoque personalizado dos servizos.*

1. O acceso das persoas desempregadas aos servizos públicos de emprego efectuarase mediante a súa inscrición e recolla de datos nunha entrevista inicial que levará consigo unha valoración dos servizos que require para a súa inserción laboral. De acordo con iso, e en colaboración coas persoas desempregadas, determinarase, se procede, o comezo dun itinerario individual e personalizado de emprego en función do perfil profesional, necesidades e expectativas da persoa, xunto á situación do mercado de traballo e a criterios vinculados coa percepción de prestacións, a pertenza a colectivos definidos como prioritarios e aqueles que se determinen no marco do Sistema Nacional de Emprego.

2. A articulación do itinerario individual e personalizado de emprego configúrase como un dereito para as persoas desempregadas e como unha obriga para os servizos públicos de emprego.

Artigo 19 septies. *Itinerario individual e personalizado de emprego.*

1. O itinerario individual e personalizado de emprego incluírá, a partir dunha entrevista de diagnóstico individualizada, as accións do catálogo de servizos, e servizos específicos, que lle ofrece o Servizo Público de Emprego á persoa demandante de emprego, acordos coas súas necesidades, cos seus requirimentos e co obxectivo que pretende conseguir.

2. Para a realización do itinerario individual e personalizado de emprego será necesaria a subscrición e sinatura dun acordo persoal de emprego. Mediante este acordo, por unha parte, a persoa beneficiaria do itinerario comprométese a participar activamente nas accións para a mellora da súa empregabilidade e de busca activa de emprego, ou a posta en marcha dunha iniciativa empresarial e, por outra parte, o Servizo Público de Emprego comprométese á asignación e planificación das accións e medidas necesarias. No caso de persoas beneficiarias de prestacións e subsidios por desemprego, este acordo persoal de emprego formará parte do compromiso de actividade establecido no artigo 27.

3. O incumprimento, por causas non xustificadas, do acordo persoal de emprego dará lugar ás sancións previstas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto. Para estes efectos, os incumprimentos por parte de persoas que sexan beneficiarias de prestacións e subsidios por desemprego suporán un incumprimento do compromiso de actividade suscrito por elas.

4. Os servizos públicos de emprego serán responsables da realización, seguimento, avaliación e posible redefinición dos itinerarios individuais e personalizados de emprego e, de ser o caso, derivarán a realización das accións que vaian desenvolver as persoas demandantes de emprego ás entidades colaboradoras. En todo caso, fixaranse as actuacións propias dos servizos públicos de emprego e as que poderán ser concertadas.»

Artigo 9. *Colectivos prioritarios.*

Modifícase e renumérase o artigo 26 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 19 octies. *Colectivos prioritarios.*

1. O Goberno e as comunidades autónomas adoptarán, de acordo cos preceptos constitucionais e estatutarios, así como cos compromisos asumidos no ámbito da Unión Europea e na Estratexia Española de Emprego, programas específicos destinados a fomentar o emprego das persoas con especiais dificultades de integración no mercado de traballo, especialmente mozos, con particular atención a aqueles con déficit de formación, mulleres, parados de longa duración, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, e inmigrantes, con respecto á lexislación de estranxeiría, ou outros que se poidan determinar, no marco do Sistema Nacional de Emprego.

2. Tendo en conta as especiais circunstancias destes colectivos, os servizos públicos de emprego asegurarán o deseño de itinerarios individuais e personalizados de emprego que combinen as diferentes medidas e políticas, debidamente ordenadas e axustadas ao perfil profesional das persoas que os integran e ás súas necesidades específicas. Cando sexa necesario, os servizos públicos de emprego valorarán a necesidade de coordinación cos servizos sociais para dar unha mellor atención a estas persoas.»

CAPÍTULO IV

Transformación das políticas activas de emprego e redefinición do seu contido e desenvolvemento

Artigo 10. *Concepto e principios xerais das políticas activas de emprego.*

Un. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 23 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que quedan redactados como segue:

«1. Enténdese por políticas activas de emprego o conxunto de accións e medidas de orientación, emprego e formación dirixidas a mellorar as posibilidades de acceso ao emprego, por conta allea ou propia, das persoas desempregadas, ao mantemento do emprego e á promoción profesional das persoas ocupadas e ao fomento do espírito empresarial e da economía social.

As políticas definidas no parágrafo anterior deberanse desenvolver en todo o Estado, tendo en conta a Estratexia Española de Emprego, as necesidades dos demandantes de emprego e os requirimentos dos respectivos mercados de traballo, de maneira coordinada entre os axentes de formación profesional para o emprego e intermediación laboral que realizan tales accións, co obxecto de favorecer a colocación dos demandantes de emprego.»

«3. Os recursos económicos destinados ás políticas activas de emprego serán xestionados polos servizos públicos de emprego, que desenvolverán para isto as accións e medidas que consideren necesarias e que dean cobertura aos ámbitos establecidos no artigo 25.

Estas accións e medidas poderán ser xestionadas mediante a concesión de subvencións públicas, contratación administrativa, subscripción de convenios, xestión directa ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.»

Dous. Modifícase integramente o artigo 24 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 24. *Principios xerais das políticas activas de emprego.*

1. No deseño e execución das políticas activas de emprego deben estar presentes os seguintes principios xerais:

a) O tratamento individualizado e especializado ás persoas en situación de desemprego para mellorar a súa empregabilidade, así como ás persoas ocupadas para contribuír á calidade e mantemento do seu emprego.

b) A resposta ás necesidades das empresas en materia de capital humano, emprego e formación.

c) O fomento do autoemprego e da iniciativa emprendedora, especialmente no marco da economía sustentable e dos novos viveiros de emprego, incluíndo a atención e o acompañamento ás persoas emprendedoras na posta en marcha da súa iniciativa empresarial.

d) A igualdade de oportunidades e non discriminación no acceso ao emprego nos termos previstos na letra a) do artigo 2 desta lei. En particular, terase en conta de maneira activa o obxectivo da igualdade de trato entre mulleres e homes para garantir na práctica a plena igualdade por razón de sexo.

e) A adecuación ás características do territorio, tendo en conta a realidade do mercado de traballo e as peculiaridades locais e sectoriais.

2. Estes principios informarán, pola súa vez, todas as actuacións das entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego.»

Artigo 11. *Identificación e ámbitos das políticas activas de emprego.*

Un. Modifícase o artigo 25 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 25. *Identificación e ámbitos das políticas activas de emprego.*

1. O conxunto de accións e medidas que integran as políticas activas de emprego cubrirán os seguintes ámbitos:

a) Orientación profesional: accións e medidas de información, acompañamento, motivación e asesoramento que, tendo en conta as circunstancias persoais e profesionais da persoa beneficiaria, lle permiten determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de aprendizaxe, a busca de emprego ou a posta en práctica de iniciativas empresariais.

b) Formación e recualificación: accións e medidas de aprendizaxe, formación, recualificación ou reciclaxe profesional incluídas no subsistema de formación profesional para o emprego.

c) Oportunidades de emprego e fomento da contratación: accións e medidas que teñan por obxecto incentivar a contratación, a creación de emprego ou o mantemento dos postos de traballo, xa sexa con carácter xeral ou dirixidas a sectores ou colectivos específicos.

d) Oportunidades de emprego e formación: accións e medidas que impliquen a realización dun traballo efectivo nun contorno real e permitan adquirir formación ou experiencia profesional dirixidas á cualificación ou inserción laboral.

e) Fomento da igualdade de oportunidades no emprego: accións e medidas que promovan a igualdade entre mulleres e homes no acceso ao emprego, a permanencia nel e a promoción profesional, así como a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade de homes e mulleres na asunción das responsabilidades familiares.

f) Oportunidades para colectivos con especiais dificultades: accións e medidas de inserción laboral de colectivos que, de forma estrutural ou conxuntural, presentan especiais dificultades para o acceso e a permanencia no emprego. Para estes efectos, terase especialmente en consideración a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero, das vítimas de violencia doméstica e das persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. En relación coas persoas con discapacidade, incentivarase a súa contratación tanto no emprego ordinario como no emprego protexido a través dos centros especiais de emprego.

g) Autoemprego e creación de empresas: accións e medidas dirixidas a fomentar as iniciativas empresariais mediante o emprego autónomo ou a economía social.

h) Promoción do desenvolvemento e da actividade económica territorial: accións e medidas encamiñadas á xeración de emprego, a creación de actividade empresarial e a dinamización e impulso do desenvolvemento económico local.

i) Fomento da mobilidade (xeográfica e/ou sectorial): accións e medidas que faciliten o desprazamento ou cambio de residencia para acceder a un posto de traballo ou a recualificación co fin de promover a contratación nun sector de actividade diferente a aquel en que se traballou habitualmente, especialmente cando se trate de sectores emerxentes ou con alta empregabilidade.

j) Proxectos integrados: accións e medidas que combinen ou conxuguen varios dos ámbitos definidos con anterioridade.

2. As accións e medidas correspondentes aos ámbitos a que se refire o número anterior deseñaranas e desenvolveranas as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

Así mesmo, o Servizo Público de Emprego Estatal deseñará e desenvolverá estas accións e medidas no seu ámbito competencial.»

Artigo 12. *Formación profesional para o emprego.*

Modifícase integramente o artigo 26 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Formación profesional para o emprego.*

1. O subsistema de formación profesional para o emprego está constituído por un conxunto de iniciativas, medidas e instrumentos que pretenden, a través da formación dos traballadores e da acreditación da súa cualificación, dar resposta ás súas necesidades persoais e profesionais de inserción e reinserción no sistema produtivo e contribuír á mellora da competitividade das empresas. Este subsistema, de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e a formación profesional, desenvolverase no marco do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional e do Sistema Nacional de Emprego, de acordo cos seus principios, fins e obxectivos e, en especial:

a) O dereito á formación profesional para o emprego e a igualdade no acceso da poboación activa e as empresas á formación e ás axudas a esta.

b) A vinculación do subsistema de formación profesional para o emprego co diálogo social como instrumento máis eficaz, para dar resposta aos cambios e requirimentos do sistema produtivo.

c) A participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas no deseño e planificación do subsistema de formación profesional para o emprego.

d) A vinculación da formación profesional para o emprego coa negociación colectiva, marco natural para o desenvolvemento de iniciativas e medidas que conduzan a unha maior cualificación das persoas traballadoras.

2. As accións formativas do subsistema de formación para o emprego están dirixidas á adquisición, mellora e actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecendo a formación durante toda a vida da poboación activa, e conxugando as necesidades das persoas, das empresas, dos territorios e dos sectores produtivos.

3. O certificado de profesionalidade é o instrumento de acreditación, no ámbito da Administración laboral, das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais adquiridas a través de procesos formativos ou do proceso de recoñecemento da experiencia laboral e de vías non formais de formación.

O Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade está constituído polo conxunto dos certificados de profesionalidade ordenados sectorialmente en familias profesionais e de acordo cos niveles de cualificación establecidos no Catálogo Nacional de Cualificacións. Estes certificados teñen carácter oficial, validez en todo o territorio nacional e permitirán a súa correspondencia cos títulos de formación profesional do sistema educativo.

4. A oferta formativa vinculada á obtención dos certificados de profesionalidade, estruturada en módulos formativos, facilitará a acreditación parcial acumulable para o recoñecemento de competencias profesionais no marco do Sistema Nacional das Cualificacións e Formación Profesional.

5. A oferta de accións de formación profesional para o emprego referida ao Catálogo Nacional de Cualificacións permitirá o recoñecemento e a capitalización de aprendizaxes coa acreditación da experiencia profesional e a formación profesional do sistema educativo, vinculada co desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

6. As accións formativas do subsistema de formación profesional para o emprego que non sexan obxecto de acreditacións oficiais serán recoñecidas a través do correspondente diploma acreditativo.

7. Os servizos públicos de emprego promoverán o funcionamento dunha rede de centros de referencia nacional, especializados por áreas e familias profesionais, que colaborarán no desenvolvemento de accións de carácter innovador, experimental e formativo no ámbito da formación profesional para o emprego e, en particular, en actividades de mellora da calidade dirixidas á rede de centros colaboradores e aos formadores. Para isto, estes centros procurarán manter relación con centros tecnolóxicos e outras redes de xestión do coñecemento, tanto nacionais como internacionais, nos seus ámbitos sectoriais específicos.

8. Os servizos públicos de emprego promoverán o mantemento dunha rede de centros colaboradores, públicos e privados, que, xunto aos seus centros, garanta unha permanente oferta de formación para o emprego de calidade. Así mesmo, en colaboración co sistema educativo, promoverán unha rede de centros integrados.

9. Os servizos públicos de emprego impulsarán a colaboración e coordinación entre as administracións competentes para a mellora da calidade, eficacia e eficiencia do subsistema de formación profesional para o emprego. Así mesmo, impulsarán procesos de avaliación sistemáticos e periódicos, de acordo cos criterios aprobados polos instrumentos de participación do subsistema e coas directrices europeas en materia de calidade.»

Artigo 13. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Introdúcese unha nova letra c) no número 1 do artigo 17 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, coa seguinte redacción:

«c) Non cumprir as exigencias do Acordo Persoal de Emprego, salvo causa xustificada, sempre que a conduta non estea tipificada como outra infracción leve ou grave neste artigo.»

Disposición adicional primeira. *Identificación da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.*

A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais pasa a denominarse Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

En consecuencia co anterior, todas as referencias que na lexislación vixente se efectúan á Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou ás súas funcións débense entender realizadas á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Disposición adicional segunda. *Comunidades autónomas do País Vasco e de Navarra.*

Nas comunidades autónomas do País Vasco e de Navarra, o financiamento das políticas activas de emprego previstas nesta norma fixarase no marco do concerto e do convenio económico, respectivamente.

Disposición transitoria primeira. *Prazo para a elaboración da Estratexia Española de Emprego.*

O Goberno elaborará antes do 31 de outubro de 2011 a Estratexia Española de Emprego a que se refire o artigo 4 bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación dos itinerarios individuais e personalizados de emprego.*

Os itinerarios individuais e personalizados de emprego aplicaranse gradualmente en tres fases:

Durante o ano 2011, a súa realización estará dirixida prioritariamente aos colectivos a que se refire o Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas.

Durante o ano 2012, a prioridade na realización dos itinerarios determinarase no Plan Anual de Política de Emprego para ese exercicio.

A partir de xaneiro de 2013, a elaboración destes itinerarios estenderase a toda a poboación desempregada.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación de normas derogadas.*

As disposicións que se recollen na disposición derogatoria única permanecerán en vigor ata que se aproben a Estratexia Española de Emprego e o Plan Anual de Política de Emprego para o exercicio 2012. Porén, as accións e programas que se iniciasen con anterioridade a esa data desenvolveranse ata a súa finalización, de conformidade co establecido en tales disposicións.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as disposicións seguintes:

a) O capítulo II do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego de traballadores minusválidos.

b) O capítulo VII do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego, definidos no artigo 42 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

c) Os artigos 12 e 13 do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade.

d) O Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo.

e) O Real decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional nos centros especiais de emprego.

f) O Real decreto 282/1999, do 22 de febreiro, polo que se establece o programa de obradoiros de emprego.

g) A Orde TAS/816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecuan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as normas reguladoras de subvencións que conceda o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos de emprego e de formación profesional ocupacional.

h) Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 9 de marzo de 1994, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas polo Instituto Nacional de Emprego para a realización de accións de comprobación da profesionalidade, información profesional, orientación profesional e busca activa de emprego, por entidades e institucións colaboradoras sen ánimo de lucro.

i) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 20 de xaneiro de 1998, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego.

j) Orde TAS/2643/2003, do 18 de setembro, pola que se regulan as bases para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas experimentais en materia de emprego.

k) Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994, pola que se regula a concesión das axudas e subvencións sobre fomento do emprego dos traballadores minusválidos segundo o establecido no capítulo II do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio.

l) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de outubro de 1998, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas e subvencións públicas destinadas ao fomento da integración laboral dos minusválidos en centros especiais de emprego e traballo autónomo.

m) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 19 de decembro de 1997, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito da colaboración con órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos, comunidades autónomas, universidades e institucións sen ánimo de lucro, que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.

n) Orde TAS/2435/2004, do 20 de xullo, pola que se exceptúan determinados programas públicos de mellora da ocupabilidade en relación coa utilización do contrato de inserción e se modifica a Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 19 de decembro de 1997, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito da colaboración con órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos, comunidades autónomas, universidades e institucións sen ánimo de lucro, que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.

o) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 26 de outubro de 1998, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito de colaboración coas corporacións locais, para a contratación de traballadores desempregados na realización de obras e servizos de interese xeral e social.

p) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 15 de xullo de 1999, pola que se establecen as bases de concesión de subvencións públicas para o fomento do desenvolvemento local e impulso dos proxectos e empresas cualificados como I+E.

q) Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula a concesión de subvencións ao programa de promoción do emprego autónomo.

r) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 13 de abril de 1994, de bases reguladoras da concesión das subvencións consistente no aboamento aos traballadores que fixeren uso do dereito previsto no artigo 1 do Real decreto 1044/1985.

s) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 14 de novembro de 2001, pola que se regulan o programa de escolas obradoiro e casas de oficios e as unidades de promoción e desenvolvemento e se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas a tales programas.

t) Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 14 de novembro de 2001, pola que se desenvolve o Real decreto 282/1999, do 22 de febreiro, polo que se establece o Programa de obradoiros de emprego e se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas a ese programa.

u) Orde TAS/ 3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións de fomento do emprego e mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais.

2. Derróganse cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Fondo de políticas de emprego.*

1. No Servizo Público de Emprego Estatal constituirase un Fondo de políticas de emprego, coa finalidade de atender necesidades futuras de financiamento na execución das accións e medidas que integran as políticas activas de emprego.

2. O Fondo de políticas de emprego financiarase con:

a) O 10 % dos remanentes de créditos non comprometidos polas comunidades autónomas na execución das accións e medidas de políticas activas de emprego, que se integren no orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal.

b) O 10 % dos remanentes de crédito non executados polo Servizo Público de Emprego Estatal nas accións e medidas incluídas na letra h) do artigo 13 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

c) O saldo de maior recadación da cota de formación profesional para o emprego, que se obterá como diferenza positiva entre a liquidación das cotas de formación profesional para o emprego efectivamente imputadas ao orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal en cada exercicio e as establecidas no orzamento inicial.

d) Calquera outro ingreso do Servizo Público de Emprego Estatal que se deba integrar neste fondo nos termos establecidos na normativa que o regule.

3. Integranse adicionalmente nese Fondo, sempre que as posibilidades económicas e a situación financeira o permitan:

a) Ata un máximo do 10 % dos remanentes de créditos non comprometidos polas comunidades autónomas na execución das accións e medidas de políticas activas de emprego, que se integren no orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal.

b) Ata un máximo do 10 % dos remanentes de crédito non executados polo Servizo Público de Emprego Estatal nas accións e medidas incluídas na letra h) do artigo 13 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

c) Ata un máximo do 20 % dos reintegros que as comunidades autónomas realizen con motivo da execución dos plans de traballo dos centros nacionais de formación profesional ocupacional ou dos centros de referencia nacional.

Para os efectos de realizar as correspondentes dotacións, establécese como condición mínima para considerar que a situación financeira a permite, que o resultado orzamentario do exercicio sexa positivo. O resultado orzamentario de cada exercicio obterase, en aplicación da lexislación contable e orzamentaria vixente en cada momento, como diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas de cada exercicio.

4. O Servizo Público de Emprego Estatal abrirá unha conta no Banco de España para os efectos de realizar as operacións financeiras que legalmente estean permitidas coas dotacións do Fondo de políticas de emprego.

5. As dotacións efectivas e materializacións do Fondo de políticas de emprego serán as acordadas, en cada exercicio económico, polo Consello de Ministros, por proposta conxunta das persoas titulares dos ministerios de Traballo e Inmigración e de Economía e Facenda.

Os rendementos de calquera natureza que xeren a conta do Fondo de políticas de emprego e os activos financeiros en que se materializasen as dotacións deste integraranse automaticamente nel.

6. A disposición dos activos do Fondo de políticas de emprego destinarase exclusivamente a financiar:

a) As accións e medidas que integran as políticas activas de emprego, xestionadas tanto polo Servizo Público de Emprego Estatal como polos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas. As contías procedentes da letra c) do número 2 destinaranse a accións de formación profesional para o emprego.

b) O saldo de menor recadación da cota de formación profesional para o emprego, considerando este como a diferenza negativa entre a liquidación das cotas de formación profesional para o emprego efectivamente imputadas ao orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal en cada exercicio e as establecidas no orzamento inicial.

c) Os gastos necesarios para a súa xestión.

Precisarase autorización previa do Consello de Ministros por proposta conxunta das persoas titulares dos ministerios de Traballo e Inmigración e de Economía e Facenda para proceder á disposición dos activos do fondo.

Os valores en que se materialice o Fondo de políticas de emprego serán títulos emitidos por persoas xurídicas públicas.

7. Regulamentariamente determinaranse os valores que deben constituír a carteira do citado Fondo, graos de liquidez da carteira, supostos de alleamento dos activos financeiros que o integran e demais actos de xestión financeira.

8. Para o control e ordenación da xestión económica do Fondo de políticas de emprego créase o comité de xestión do mencionado fondo.

Este comité estará presidido pola persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, e comporase, ademais, de cinco membros: dous designados polo Ministerio de Economía e Facenda, un dos cales realizará as funcións de vicepresidente; un designado pola Intervención Xeral da Administración do Estado; e dous designados pola Secretaría de Estado de Emprego, un dos cales actuará como secretario do comité, con voz pero sen voto.

Este comité terá as funcións de formular propostas de ordenación, asesoramento e selección de valores que deben constituír a carteira do Fondo, alleamento de activos financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen, así como elaborar un informe anual.

O Comité de Xestión do Fondo de políticas de emprego poderá contar co asesoramento de expertos nos termos que regulamentariamente se determinen.

9. Para os efectos de realizar un adecuado seguimento do Fondo de políticas de emprego, a Comisión Executiva do Servizo Público de Emprego Estatal será informada semestralmente da evolución e composición deste.

10. As materializacións, investimentos, reinvestimentos e desinvestimentos e demais operacións de adquisición, disposición e xestión dos activos financeiros do Fondo de políticas de emprego correspondentes a cada exercicio terán carácter extraorxamentario e imputaranse definitivamente, o seu último día hábil, ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, conforme a situación patrimonial do Fondo nesa data, e para ese efecto serán obxecto de adecuación os créditos orxamentarios.

11. O Goberno presentará ás Cortes Xerais un informe anual sobre a evolución e composición do Fondo de políticas de emprego.

12. O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, a través da súa Comisión Permanente, realizará o seguimento das propostas de ordenación, selección de valores que deben constituír a carteira do Fondo, alleamento de activos financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen, así como da súa evolución.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1 da Constitución, nos seus números 7, 13 e 17.

Disposición derradeira terceira. *Execución e desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de febreiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO